



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
XGL/2018/42	A Xunta de Goberno Local

<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	24 de setembro de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 19:13 ata as 19:30 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE SESIÓNS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	ELEUTERIO PENA LAMAS

<b>ASISTENCIA Á SESIÓN</b>		
<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	NON
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ



**Concello de Cangas**

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 17 de setembro de 2018**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Nominal A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0	
	A favor	ANDRES GARCIA BASTON MERCEDES GIRALDEZ SANTOS TANIA CASTRO PAREDES TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ XOSE MANUEL PAZOS VARELA XOÁN CHILLÓN IGLESIAS ÁNGELA VIZOSO MARCOS
	En contra	---
	Abstencións	LOURDES RIAL PARDO
	Ausentes	---

A Xunta de Goberno Local, por maioría dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 17 de setembro de 2018.

**Expediente 3210/2018. Licenza urbanística**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 3.210/2018.- Outorgar a C.F.A., con enderezo na Avda. de Lugo, nº 66-Coiro, licenza de obra para no referido lugar, regulado pola Ordenanza 7, solo urbano residencial de vivenda familiar intensiva (URFI), remodelar unha vivenda en planta baixa nunha superficie de 76,90 m2., sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade co proxecto básico elaborado polo aparellador técnico e enxeñeiro A.G.P., de data maio de 2018. A licenza outorgarase condicionada á presentación do proxecto de execución visado e oficios de dirección e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a vinte e oito mil oitocentos sesenta e catro euros con oitenta e cinco (28.864,85 €).</p>	

**Expediente 746/2017. Licenza urbanística**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	--

**Concello de Cangas**



EXPEDIENTE N° 746/2017.- Outorgar a J.R.P., con enderezo en Agualevada, n° 26-Coiro, licenza de obras para a construción de un semisoto de 88,34 m2., para garaxe; 7,47 ml., de muro de pedra; 63,10 ml., de cerramento e urbanizado da parcela no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico S.G.F., de data 7 de novembro de 2016 e as condicións impostas pola Deputación Provincial de data 16 de agosto de 2018. A licenza outorgarase condicionada a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a vinte e oito mil seiscientos corenta euros con corenta e catro céntimos (28.640,44 €).

Acéptase a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada de 42,32 m2., formalizada en escritura pública en data 26 de marzo de 2018, perante a notaria M.J.L.E., número do seu protocolo X.

#### Expediente 4058/2018. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 4058/2018.- Outorgar a M.S.R.P. E F.H., con enderezo a efectos de notificacións en Udamstr-Stuttgart (Alemania), titulares do DNI n° X e n° X, respectivamente, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para construción de vivenda unifamiliar e piscina en Camiño dos Tombos- Santa Marta (referencia catastral X), de conformidade co proxecto técnico modificado básico e de execución elaborado polo arquitecto R.S.S. visado o 26 de xullo de 2018, modificando así a licenza de obras autorizada a N.G.G. en Xunta de Goberno Local de 2 de outubro de 2017. A licenza outórgase condicionada a que deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto a obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material das obras ascende a cento cincuenta e nove mil trescentos corenta e cinco euros con setenta e oito céntimos (159.345,78 €).

#### Expediente 7425/2017. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 7425/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por "PESCADOS MARCELINO SL", con enderezo a efectos de notificacións en Espiñeira, n° 7-Aldán, titular do CIF n° X, para instalación solar fotovoltaica sobre cuberta de parcela (referencia catastral X), sita na Avda. José Graña, s/n-Aldán, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a vinte mil cento corenta e catro euros con vinte e tres céntimos (20.144,23 €).

#### Expediente 3626/2018. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento



EXPEDIENTE 3626/2018.- Outorgar a M.J.M.G., con enderezo a efectos de notificacións en San Roque, nº 122-Cangas, titular do DNI nº X, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza SNUN, a construción dunha vivenda unifamiliar de 155,88 m<sup>2</sup>., de planta baixa, 13,55 m<sup>2</sup>., de terrazas-escaleiras e 31,50 m<sup>2</sup>., de galpón, en parcela sita en Castrillón-Coiro (referencia catastral X), de conformidade co proxecto técnico básico elaborado polos arquitectos N.G.V. e J.G.S. visado o 29.06.2018 e documentación complementaria visada 13.09.2018. A licenza outorgárase condicionada a que antes do inicio das obras presenten proxecto de execución visado e oficios de dirección de obra e de execución destas, así como ao cumprimento do sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto a obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material das obras ascende cento vinte e dous mil seiscentos trinta e tres euros con corenta e cinco (122.633,45 €) e a liquidación practícase por importe de cento vinte e cinco mil trescentos trinta e seis euros con cincuenta e un céntimos (125.336,51 €), de conformidade coa ordenanza fiscal vixente no concello.

Acéptase a fianza para garantir as obras de urbanización depositada en Abanca en data 04.09.2018 por importe de cincocentos dezanove euros con setenta e dous céntimos (519,72 €).

#### Expediente 4298/2018. Comunicación previa en materia urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4298/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por "BASALNOR SL", con enderezo a efectos de notificacións en rúa Sol, nº 19-baixo, titular do CIF nº X, para adecuación de local para e garaxe e trasteiros sito en rúa Andalucía, nº 1, Cangas (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente; proxecto de adecuación e memoria de actividade para garaxe e trasteiros elaborado polos arquitectos F.F.G. e V.V.F. visado o 28.08.2018. O presuposto de execución das obras ascende a catorce mil douscentos sesenta e un euros con vinte e seis céntimos (14.261,26 €).

#### Expediente 2753/2018. Comunicación previa en materia urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2753/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por C.C.S., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Freixo, nº 11-Coiro-Cangas, para instalación de cuberta provisional e desmontable anexa a vivenda sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada en data 31 de maio de 2018. Consta no expediente acta de renuncia ao incremento do valor expropiatorio. O presuposto de execución material ascende a cincocentos corenta e tres euros con corenta e nove céntimos (543,49 €).



**Expediente 313/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 313/2018.- Dase conta de comunicación previa presentada por F.R.G., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en estrada de Aldán, nº 50-Darbo, para modificación de beirarrúa e apertura de ocos en fachada de edificación existente sita en rúa Alvaro Guitián, nº 17-baixo (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data 19 de xaneiro e 15 de maio de 2018. O presuposto de execución material ascende a mil douscentos euros (1.200,00 €).

**Expediente 7348/2017. Restauración da legalidade urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de resolución de data 20.09.2018 emitida pola instrutora do expediente de restauración da legalidade urbanística nº 7348/2017, que é como segue:

*"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*M.R.G., instrutora designada polo alcalde do Concello, mediante proposta de Alcaldía de data 12 de febreiro do 2018, con relación ao expediente sancionador que se está a tramitar neste Concello, nº 7348/2017, emite a seguinte proposta de resolución vistos os seguintes:*

*ANTECEDENTES*

*PRIMEIRO.- Por parte de D.H.B. e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística tramitado, efectuáronse no lugar de Outeiro-Balea, obras sen licenza consistentes en realizar un muro de contención e unha edificación adxectiva de planta baixa arrimada ao lindeiro, sendo a construción de carácter legalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 29.01.2018.*

*SEGUNDO.- Iniciado expediente sancionador por acordo da Xunta de Goberno Local en data 19 de febreiro do 2018, dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, a interesada con data 10.04.2018, rexistro de entrada nº 3991, presenta escrito de alegacións solicitando a redución do 90% da sanción, por ter solicitada licenza para legalización de ditas obras.*

*TERCEIRO.- Visto canto antecede e de conformidade cos artigos 89 e 90 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, emito a seguinte:*

*PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*PRIMEIRO.- Estimar a alegación presentada por D.H.B. o 10 de abril de 2018, toda vez que a Xunta de Goberno Local con data 26.06.2018 concede licenza para legalizar as obras en cuestión no lugar do Outeiro, 42-Balea.*



*SEGUNDO.- Declarar probado, sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras realizadas sen licenza no lugar de Outeiro-Balea, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como leve, segundo o determina o artigo 158.3.4 da mesma norma citada, visto o informe do arquitecto municipal de data 29 de xaneiro do 2018.*

*TERCEIRO.- Que D.H.B., na súa calidade de promotora é responsable directa da referida infracción.*

*CUARTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 161 da Lei 2/2016, en canto á gravidade da materia se refire, e o suficiente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía trescentos euros (300,00 €), ao reducirse a contía da sanción nun 90%, por legalizar as obras realizadas antes da resolución do presente expediente.*

*QUINTO.- Impoñer a D.H.B., na súa calidade de promotora unha multa sancionadora de trescentos euros (300,00 €), ao ter cometido obras no lugar do Outeiro-Balea, consistentes en realizar un muro de contención e unha edificación adxectiva de planta baixa arrimada ao lindeiro sen licenza para iso, sendo as construcións de carácter legalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 29.01.2018.*

*SEXTO.- Advertir á interesada que, en caso de pagar voluntariamente a sanción imposta no período de pago voluntario, aplicarase dunha redución desta do 50%. Nembargantes, a súa efectividade estará condicionada ao desistimento ou renuncia de calquera acción de impugnación no referido prazo”.*

**Expediente 4602/2017. Dación de conta informe do PEPRI de Cangas de actuacións aceptadas e tramitadas para a Fase nº 12**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/  
Asentimento

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento do informe emitido en data 19.09.2018 pola arquitecta-directora da Oficina de rehabilitación de Cangas, referente a actuacións aceptadas no ARI de Cangas, de conformidade co convenio asinado o 26.10.2017 entre o Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia e o Concello de Cangas (prórroga Plan de vivenda 2013-2016), que é como segue:

*“PRIMEIRO.- Que ao abeiro da ordenanza municipal aprobada polo Concello Pleno en sesión de data 5 de abril de 2002, publicada no BOP o día 9 de setembro de 2002, estanse a tramitar actuacións de rehabilitación para os efectos do financiamento no marco do Rd 637/2016, de 9 de decembro, polo que se prorroga o plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración urbanas 2013-2016, regulado polo Rd 233/2013, de 5 de abril, en virtude do establecido na Disposición adicional única do Rd 637/2016 e da Orde de 23 de xuño de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras e as axudas autonómicas do Programa de rexeneración e renovación urbanas do mencionado plan estatal, segundo o convenio asinado o 26 de outubro de 2017 entre o Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia e Concello de Cangas.*



**SEGUNDO.-** Para a 12ª Fase foron aceptadas 20 actuacións, ao día da data, das 20 actuacións, 1 actuación foi denegada por non cumprir cos requirimentos segundo as condicións establecidas na ordenanza municipal e no convenio asinado.

**TERCEIRO.-** Que os titulares dos expedientes que se tramitaron cumpren os requisitos que veñen regulados pola Lei 38/2003, xeral de subvencións, Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e co Rd 233/2013, de 5 de abril.

**CUARTO.-** Todas as actuacións relacionadas, cos seus orzamentos protexidos e prazo de execución, serán executadas ou están executándose ao abeiro das súas correspondentes licenzas municipais de obras.

SOLICITANTE	DNI	DIRECCION ACTUACIÓN	ORZ. PROTEXIDO	PRAZO EXECUC. OBRAS	Tipo actuac.
C.B.B.I.	X	RÚA FONTE DO GALO 11	35.646,46 €	12 meses	Rehab. Vivenda
J.M.F.	X	RÚA SÍNGULIS, 8	21.564,63 €	12	Rehab. Vivenda
D.B.O.	X	RÚA REAL, 8	20.697,80 €	6	Rehab. Vivenda
A.C.I.	X	RÚA CEGA, 5	21.813,64 €	6	Rehab. Vivenda
R.T.M.	X	RÚA DO HÍO, 24	25.950,00 €	12	Rehab. Vivenda
R.G.C.	X	RÚA PIOS, 5	77.054,75 €	12	Rehab. Vivenda
C.C.P.	X	RÚA VALENTÍN LOSADA, 25-1º	9.895,10 €	6	Rehab. Vivenda
C.C.P.	X	RÚA VALENTÍN LOSADA, 25-3ºE BC	10.728,05 €	6	Rehab. Vivenda
C.C.P.	X	RÚA VALENTÍN LOSADA, 25-2º	9.923,79 €	6	Rehab. Vivenda
E.F.M.	X	O HÍO, 12-3º	23.970,11 €	12	Rehab. Vivenda
E.F.M.	X	O HÍO, 12-2º	13.877,43 €	12	Rehab. Vivenda
E.F.M.	X	O HÍO, 12-1º	12.713,02 €	12	Rehab. Vivenda
E.G.M.	X	Montero Ríos, 15	9.204,88 €	3	Rehab. Vivenda
B.M.G.	X	O HÍO, 19-3º	26.287,95 €	12	Rehab. Vivenda
B.M.G.	X	O HÍO, 19-2º A	13.143,97 €	12	Rehab. Vivenda
B.M.G.	X	O HÍO, 19-2º B	13.143,97 €	12	Rehab. Vivenda
C.C.C.	X	RÚA PÍOS, 9	10.803,94 €	6	Rehab. Vivenda
C.P.M.R.	X	Montero Ríos, 18	18.535,98 €	6	Rehab. Vivenda
R.N.G.	X	Eirado do Costal, 15	10.082,33 €	6	Rehab. Vivenda

**QUINTO.-** Consta no Concello toda a documentación relativa a cada expediente, que queda a disposición do Instituto Galego da Vivenda e Solo e demais órganos competentes para os efectos da súa comprobación oportuna ou revisión".



**Expediente 2114/2017. Concesión de Servizo de axuda no fogar**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de ampliación do servizo de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* CONCEDERLLE a S.V.G., con DNI nº X e expediente nº 36008/02/000335, a ampliación do Servizo de axuda no fogar a través da quenda de libre concorrencia e de acordo aos seguintes detalles:

Prestacións:

- \* Atencións de carácter persoal.
- \* Atencións de carácter psicosocial.
- \* Atencións de carácter doméstico.

Custo total do servizo: douscentos oitenta e oito euros (288,00 €) (doce euros con oitenta céntimos (12'80€/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: cento quince euros con vinte céntimos (115,20 €/mes) (40% do custo do servizo).

Número de horas: 22,50 horas.

Data de efectos de ampliación no SAF: a partir do 21 de setembro de 2018 (valórase urxente a efectividade inmediata da ampliación do servizo pola alta hospitalaria do usuario nunha situación de dependencia).

Duración aproximada da ampliación do servizo: previsión de 15 días (do 21 de setembro ao 5 de outubro de 2018 para apoio en período de convalecencia tras intervención cirúrxica).

**Expediente 2137/2017. Variacións no Servizo de axuda no fogar**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* DAR DE BAIXA a M.P.N., con DNI nº X e expediente nº 36008/02/002710, do Servizo de axuda no fogar, por traslado da usuaria a aloxamento residencial situado noutra provincia.

Data de efectos da baixa: 10 de setembro de 2018.





**Expediente 4608/2017. Dación conta da aprobación de conta xustificativa da subvención para proxectos de prevención en drogodependencias e condutas aditivas (xullo 2017-agosto 2018)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/  
Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda tomar coñecemento do Decreto da Alcaldía de data 18.09.2018, referente a aprobación da conta xustificativa da subvención para proxectos de prevención en drogodependencias e condutas aditivas, xullo 2017-agosto 2018, que é como segue:

*“DECRETO*

*Aprobación de conta xustificativa da subvención para proxectos de prevención en drogodependencias e condutas aditivas, xullo 2017-agosto 2018.*

*Visto que ao Concello de Cangas foille concedida, mediante resolución do conselleiro de sanidade de 16.11.2017, unha subvención, por importe de trinta e sete mil cincocentos sesenta e catro euros con trinta céntimos (37.564,30 €), para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas aditivas promovidos por concellos, mancomunidade de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Vista a certificación do interventor, de data do 14 de setembro de 2018, que fai constar o seguinte:*

*'Que os datos consignados a continuación son certos e que na contabilidade do Concello de Cangas están os documentos xustificativos deles, que quedan á disposición da Consellería de Sanidade e demais institucións contempladas na lexislación para calquera comprobación que se requira efectuar.*

*Que ao Concello de Cangas foille concedida, mediante resolución do conselleiro de sanidade de 16.11.2017, unha subvención, por importe de trinta e sete mil cincocentos sesenta e catro euros con trinta céntimos (37.564,30 €), para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas aditivas promovidos por concellos, mancomunidade de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Que o Concello de Cangas cumpriu coa finalidade da dita subvención, co desenvolvemento do proxecto de prevención de drogodependencias e condutas aditivas no Concello de Cangas.*

*Que os gastos que están contabilizados e efectivamente pagados ocasionados pola realización das actividades do citado proxecto entre o 01.07.2017 e o 31.08.2018, ascenden a un total de corenta e sete mil seiscentos euros con setenta e seis céntimos (47.600,76 €), os gastos imputables corresponden ao gastos de persoal do técnico municipal en prevención, A.C.I.:*

<i>Nómina-mes</i>	<i>Importe salario bruto</i>	<i>Importe S.S.</i>	<i>Data pagamento nómina</i>	<i>Data pagamento S.S</i>
<i>Xullo</i>	<i>2.188,84</i>	<i>796,83</i>	<i>28-07-2017</i>	<i>31-08-2017</i>



Concello de Cangas

Agosto	2.383,36	851,25	29-08-2017	29-09-2017
Setembro	2.302,39	796,83	29-09-2017	31-10-2017
Outubro	2.210,81	796,83	27-10-2017	30-11-2017
Novembro	2.479,66	796,83	01-12-2017	27-12-2017
extra	1.888,34			
Decembro	2.805,00	984,27	26-12-2017	31-01-2017
Xaneiro	2.210,81	796,83	29-01-2018	28-02-2018
Febreiro	2.246,29	809,36	27-02-2018	02-04-2018
Marzo	2.432,11	809,36	27-03-2018	30-04-2018
Abril	2.246,29	809,36	26-04-2018	31-05-2018
Maiο	2.246,29	809,36	28-05-2018	20-06-2018
Xuño	2.246,29	809,36	29-06-2018	31-07-2018
Extra	1.914,21		15-06-2018	
Xullo	2.246,29	809,36	27-07-2018	31-08-2018
Agosto	2.877,95		30-08-2018	
Suma	36.924,93	10.675,83		

Que para a mesma finalidade non foi solicitada nin obtida subvención ningunha doutra entidade pública ou privada, polo que o único importe que se vai percibir para esta actividade é o concedido a través desta subvención'.

Polo que en base ás atribucións que teño conferidas, esta Alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- A aprobación da conta xustificativa da subvención concedida para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas aditivas promovidos por concellos, mancomunidade de concellos ou agrupación de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, ocasionados pola realización das actividades do citado proxecto e que están contabilizados e efectivamente pagados entre o 01.07.2017 e o 31.08.2018, e que ascenden a un total de corenta e sete mil seiscentos euros con setenta e seis céntimos (47.600,76 €), gastos imputables corresponden aos gastos de persoal do técnico municipal en prevención, A.C.I.:

Nómina-mes	Importe Salario bruto	Importe S.S.	Data pagamento nómina	Data pagamento S.S
Xullo	2.188,84	796,83	28-07-2017	31-08-2017
Agosto	2.383,36	851,25	29-08-2017	29-09-2017
Setembro	2.302,39	796,83	29-09-2017	31-10-2017
Outubro	2.210,81	796,83	27-10-2017	30-11-2017
Novembro	2.479,66	796,83	01-12-2017	27-12-2017
extra	1.888,34			
Decembro	2.805,00	984,27	26-12-2017	31-01-2017
Xaneiro	2.210,81	796,83	29-01-2018	28-02-2018
Febreiro	2.246,29	809,36	27-02-2018	02-04-2018
Marzo	2.432,11	809,36	27-03-2018	30-04-2018
Abril	2.246,29	809,36	26-04-2018	31-05-2018

Concello de Cangas



Maio	2.246,29	809,36	28-05-2018	20-06-2018
Xuño	2.246,29	809,36	29-06-2018	31-07-2018
Extra	1.914,21		15-06-2018	
Xullo	2.246,29	809,36	27-07-2018	31-08-2018
Agosto	2.877,95		30-08-2018	
Suma	36.924,93	10.675,83		

*Segundo.- Que os datos consignados a continuación son certos e que na contabilidade do Concello de Cangas están os documentos xustificativos deles, que quedan a disposición da Consellería de Sanidade e demais institucións contempladas na lexislación para calquera comprobación que se requira efectuar.*

*Terceiro.- Que se deu cumprimento á finalidade da dita subvención mediante o desenvolvemento do proxecto de prevención de drogodependencias e condutas aditivas no Concello de Cangas.*

*Cuarto.- Que para a mesma finalidade non foi solicitada nin obtida subvención ningunha doutra entidade pública ou privada, polo que o único importe que se vai percibir para esta actividade é o concedido a través desta subvención".*

**Expediente 586/2017. X-17/03. Proposta da Alcaldía de dación de conta de Sentenza nº 266/2018 do Xulgado do Social nº 3 de Vigo**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada da proposta da Alcaldía de data 13.09.2018, referente a dación de conta de Sentenza nº 266/2018 do Xulgado do Social nº 3 de Vigo, recaída no procedemento ordinario nº 97/2017, instruído a instancia de P.P.P. (Ref. X-17/03), que é como segue:

*"Visto o contido da Sentenza nº 266/2018 do Xulgado do Social nº 3 de Vigo, de data 31 de xullo do ano que andamos, recaída no procedemento PO 97/2017, seguido a instancia de P.P.P. en reclamación de cantidades, co fallo que a seguir se reproduce:*

*'Que desestimando a demanda interposta por P.P.P., debo absolver e absolvo ao Concello de Cangas de todos os pedimentos formulados na súa contra.*

*Faise saber ás partes que contra esta sentenza poden interpor recurso de suplicación perante a Sala do Social del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o cal poderán anunciar por mera manifestación da parte ou do seu representante do seu propósito de entablalo ao facerlle a notificación daquela ou mediante comparecencia ou por escrito no prazo de cinco días desde a notificación da presente resolución.*

*Notifíquese a todas as partes.*

*Dedúzase testemuño literal desta sentenza que quedará nestas actuacións, con inclusión da orixinal no libro de sentenzas'.*



*Esta sentenza foi notificada o 04.09.2018 ao avogado do Concello e non é firme, sendo anunciado recurso de suplicación pola parte contraria, feito do que deu conta ao Concello mediante a notificación da dilixencia de ordenación de data 11.09.2018 (recurso de suplicación nº 151/2018).*

*Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

**ACORDO**

Primeiro.- Tomar coñecemento da sentenza nº 266/2018 do Xulgado do Social nº 3 de Vigo, de data 31 de xullo do ano que andamos, recaída no procedemento ordinario nº 97/2017, seguido a instancia de P.P.P.

Segundo.- Tomar coñecemento da Dilixencia de ordenación de data 11.09.2018, pola que se acorda ter por anunciado recurso de suplicación pola parte contraria contra a sentenza citada".

**Expediente 4681/2018. Proposta da Alcaldía referente a escrito de comunicación de continuidade no servizo do condutor do guindastre municipal (urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada de proposta da Alcaldía de data 24.09.2018, referente a comunicación de continuidade no servizo do condutor do guindastre municipal, que é como segue:

*"Visto o escrito con rexistro de entrada nº 11497 de 21.09.2018, do empregado municipal B.B.M., con DNI nº X, polo que comunica ao Concello a súa intención de seguir activo como traballador do Concello no seu posto de condutor do guindastre municipal.*

*Visto que con anterioridade o mesmo traballador tiña comunicado por escrito con rexistro de entrada nº 10685 de data 11.09.2018 a súa intención de xubilarse e a Xunta de Goberno Local tomara coñecemento da xubilación en sesión de data 17.09.2018.*

*Tomando en consideración a condición de persoal laboral de B.B.M., con DNI nº X e que por tanto non existe, a día de hoxe, disposición legal ou previsión a nivel de convenio que obrigue á xubilación forzosa, sendo un dereito do empregado sempre que cumpra cos requisitos legais para continuar prestando servizo e non exista outra circunstancia que o impida optar por dita continuidade ou acceder á xubilación.*

*No presente caso o traballador, malia que previamente tiña comunicado a súa intención de xubilarse, con anterioridade á data de facerse esta efectiva, optou finalmente por continuar prestando o servizo, motivo polo que procede que a Xunta de Goberno Local, que xa tomara coñecemento da súa intención inicial tome coñecemento da decisión finalmente adoptada que comunica por escrito de data 21.09.2018.*

*Visto o que antecede propono á Xunta de Goberno Local:*

Primeiro.- Tomar coñecemento da comunicación do empregado municipal, B.B.M., con DNI nº



Concello de Cangas

X, de data 21.09.2018, de seguir activo como traballador do Concello no seu posto de condutor do guindastre municipal, deixando sen efecto a súa comunicación anterior de acceso á xubilación.

Segundo.- Que polo departamento de persoal se adopten as disposicións oportunas ao respecto".

**Expediente 990/2018. Proposta da Alcaldía de dación de conta de Sentenza nº 297/2018 do Xulgado do Social Nº 4 de Vigo (Reforzo) recaída no P.O. nº 58/2018. Ref. X-18/03 (urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Visto o contido da Sentenza nº 297/2018 do Xulgado do Social nº 4 de Vigo Reforzo, de data 31 de xullo do ano que andamos, recaída no procedemento ordinario nº 58/2018, seguido a instancia de B.P.B., co fallo que de seguido se reproduce:

*"ESTIMO PARCIALMENTE a pretensión da demanda formulada por B.P.B. contra o Concello de Cangas do Morrazo.*

*DECLARO que B.P.B. ten a consideración de traballadora indefinida non fixa en posto de traballo discontinuo de auxiliar de Policía Local do Concello de Cangas do Morrazo cunha antigüidade do 06/06/2016.*

*CONDENO á demandada a estar e pasar polo contido desta declaración.*

*DESESTIMO o resto das pretensións exercitadas".*

A sentenza non é firme polo que a Xunta de Goberno debe decidir sobre a interposición de recurso.

Solicitado informe do avogado do Concello no procedemento en relación á posibilidade de apelar a sentenza, este remitiu o 20 de setembro ao correo electrónico que figura incorporado ao expediente nº 990/2018 e que respecto a este extremo sinala o seguinte:

*"A sentenza recaída ven a recoller o criterio reiterado do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que ven a recoñecer a condición de indefinida discontinua en estes casos da demandante, así a resolución remítese entre outras a sentenzas de 28 de decembro de 2017 e 11 de outubro de 2017 (que recolle un caso idéntico). Estas sentenzas o que veñen a manifestar é que se trata dunha necesidade de traballo de carácter intermitente, en períodos de tempo limitados e de certa homoxeneidad, de aí o recoñecemento da auxiliar como indefinida discontinua. Se ben, alegouse na nosa contestación unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía na que a duración do contrato se vinculaba cunha subvención e o Xulgado de Vigo non se pronunciou sobre este extremo o criterio seguido por esta sentenza é excepcional xa que o Tribunal Supremo manifesta entre outras (12 de marzo de 2012 que a súa vez se remite ás de 8 de febreiro de 2007, 21 de xaneiro de 2009, 14 de xullo de 2009) que 'en todo caso da existencia dunha subvención, non se deriva que a contratación deba ser necesariamente temporal' ..... e 'do carácter anual do plan, non pode deducirse a temporalidade da obra ou servizo que aquel subvenciona, pois se trata dunha subvención temporal que afecta exclusivamente ás subvencións.*

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

*Entendo á vista do exposto, unha vez analizada a sentenza e vendo o criterio reiterado seguido polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e tamén dos xulgados de instancia (sentenzas do Xulgado do Social de Ourense) considero que o recurso de suplicación tería poucas posibilidades de prosperar".*

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes acorda a adopción do seguinte:

**ACORDO**

Primeiro.- Tomar coñecemento da sentenza nº 297/2018 do Xulgado do Social nº 4 de Vigo Reforzo, de data 31 de xullo do ano que andamos, recaída no procedemento ordinario nº 58/2018, seguido a instancia de B.P.B..

Segundo.- Proceder á formalización de recurso de suplicación contra a referida sentenza.

Terceiro.- Dar traslado do acordo adoptado ao departamento municipal de Apoio Xurídico e Persoal, co fin de que se adopten as disposicións oportunas para o seu cumprimento.

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850